

BARROCO

OBRA: AS MENINAS

ESTILO: Barroco

AUTOR: DIEGO DE SILVA Y VELÁZQUEZ

CRONOLOXÍA: 1656

MATERIAL: Óleo sobre lenzo

MEDIDAS: 318 cm x 276 cm

LOCALIZACIÓN: Museo do Prado



COMENTARIO

(CARACTERÍSTICAS XERAIS DA PINTURA DE VELÁZQUEZ)

O óleo representa ao pintor Velázquez realizando un retrato dos reis, Felipe IV e Mariana de Austria, mentres se desenvolve unha escena cortesá. Así vemos captado o momento en que o pintor (que se autorretrata traballando), está sendo interrompido por algúns membros da familia real, como a infanta Margarita acompañada doutras personaxes da Corte. Trátase dun retrato grupal no interior dunha estancia do desaparecido Real Alcázar de Madrid que identificamos como o estudo do pintor, aparezándose nas paredes distintos cadros colgados e que foron identificados posteriormente. Atópanse, ademais do pintor e dos retratados, a infanta Margarita acompañada de dúas das súas *meninas* (doncelas) e doutras personaxes. Ao fondo, accedendo á sala, aparece a figura do aposentador da Corte, e á súa esquerda vese un espello no que se reflicten os bustos dos reis de España.

Velázquez conseguiu capturar, case de forma fotográfica, unha escena de movemento paralizado, tal e como se observa nas olladas e nas actitudes dos retratados. O artista representa un momento moi fugaz, o instante en que a Infanta recién chegada aproveita para beber unha copa de auga, conseguindo unha gran sensación de instante conxelado. Ademais, o pintor esperta no espectador unha gran curiosidade e intriga por saber o que está debuxado no lenzo que está de costas a nós. A pesares das formalidades dos xestos, o artista representou unha escena moi natural. Case todas as personaxes que hai na habitación miran cara aos monarcas. O espectador sitúase precisamente no lugar que teoricamente ocuparía a parella real. O feito de que o propio pintor se represente exercitando o seu oficio interpretouse como unha reivindicación do propio Velázquez da condición da pintura como arte liberal e non como oficio

máis propio de artesán, como era considerada a escultura, que requería un esforzo físico non necesario para a execución da pintura. Esta consideración era moi importante dadas as aspiracións de Velázquez de ascender socialmente obtendo un título nobiliario, para o cal era condición indispensable non exercer ningún oficio que requirise esforzo físico. Finalmente, obtivo dito recoñecemento como cabaleiro da Orde de Santiago, cuxa cruz luce no seu peito, aínda que esta foi pintada con posterioridade á morte do pintor.

Respecto á perspectiva, o pintor domina a perspectiva liñal de xeito que a habitación forma un espazo cúbico cuxas liñas converxen nun punto de fuga mentres que tamén o pintor demostra ser un mestre no dominio da perspectiva aérea ao captar a atmosfera existente entre as personaxes que difumina os contornos das figuras. A profundidade conséguese grazas ao uso de distintas liñas: nunha primeira, a máis cercana ao espectador, as personaxes dispóñense en dous grupos de tres figuras cada un (a infanta coas súas dúas *meninas*, María Agustina Sarmiento e Isabel de Velasco) e os dous ananos (Maribárbola e Nicolasito Pertusato) co can, un mastín español; na seguinte liña, atópase Velázquez, que aparece coa paleta na man; nun nivel máis alonxado están a camareira maior da infanta, Marcela de Ulloa, e un gardadamas non identificado. Máis ao fondo atópanse o aposentador da Corte, Xosé Nieto, e o espello onde se reflicten os monarcas. Deste xeito, Velázquez inclúe tamén os espazo que queda fóra dos límites do cadro. Así é que algo que sucede fóra do lenzo constitúe o que atrae a atención das personaxes. Por outra banda, o recurso do espello xa fora utilizado por Van Eyck no seu *Matrimonio Arnolfini*, cadro que Velázquez coñecía, xa que se atopaba daquela nas coleccións reais de pintura. Grazas á utilización de distintos planos e ás liñas de perspectiva, créase unha gran sensación de profundidade. A figura do aposentador funciona como punto de fuga do cadro. Ademais, a profundidade acentúase co detalle da porta aberta ao fondo, como se o espazo continuase máis aló, un recurso típico da pintura barroca holandesa de interiores. Xunto coa perspeciva, Velázquez utiliza outro método moi depurado para dar sensación de profundidade ao cadro e para somerxer ás figuras na súa atmosfera. Trátase de difuminar os contornos das figuras segundo se alonxan da posición do espectador (perspectiva aérea). Esta técnica aprézase claramente se nos fixamos nos rostros dos retratados. A luz incide directamente sobre os rostros e a porta do fondo, mentres que o resto da estancia queda máis escura. Deste xeito, Velázquez xoga co claroscuro. A luz penetra selectivamente na estancia, concedendo máis ou menos importancia a cada unha das once figuras que compoñen esta escena.

A luz e a cor tamén están empregados para conseguir a magnífica perspectiva aérea, o que aumenta a sensación de espazo. Respecto ao tratamento da luz, a estancia aparece en semipenumbra iluminada por dous focos de luz, unha ventá que estaría situada á esquerda das personaxes no primeiro plano, da que vemos o lateral do marco, e a porta do fondo aberta. Isto permite que se iluminen as personaxes no primeiro plano e o do fondo deixando o espazo intermedio en penumbra. As cores usadas son escuras, sen estridencias, dominando os grises, prateados, azuis oscuros e ocres. Respecto á técnica, utiliza pinceladas longas e fluidas xunto a outras máis curtas e precisas que crean toda unha serie de efectos táctiles como o pelo do can mastín, as madeiras ou as teas dos vestidos.

No S.XVII denominábase co nome de *meninas* ás mozas de boa familia que se convertían en doncelas de honor das infantas reais, e son as que dan nome á obra, coñecida tamén como *A familia de Felipe IV*. É a obra mestra de Velázquez e a súa obra máis coñecida, un retrato de grupo moi peculiar ao presentar o acontecido “ao outro lado do cadro”, ocupando as figuras o lugar do pintor logrando que o espectador participe da escena desenvolvida, o que demostra a xenial imaxinación e orixinalidade deste pintor. En suma, é unha das obras fundamentais da historia da arte universal cunha gran repercusión posterior, influindo na *Familia de Carlos IV* de Goya, sendo reivindicada a figura de Velázquez polos impresionistas (Manet) e, posteriormente, por Picasso quen, en 1957, realizou unha serie sobre as *Meninas* acercándose ao tema desde a nova óptica cubista.